

CÍA. FURIA SOTELO
ANDREA MOSQUERA
E BENXAMÍN OTERO
VERA MANTERO
E TERESA SILVA
NEVES SEARA
FRANCISCA AIRES MATEUS
ITSASO IRIBARREN
E GERMÁN DE LA RIVA
ITZIAR OKARIZ
NOA E LARA CASTRO LEMA
ALEJANDRA BALBOA
E PAVEL AMÍLCAR
PAULA QUINTAS
E ANA GESTO

LOCALIZACIÓNS

- Casa das Máquinas
Rúa de Galeras
- Centro Galego de Arte Contemporánea
R. de Ramón del Valle-Inclán, 2
- Fundación DIDAC
Rúa de Pérez Costanti, 12
- Parque de Bonaval
Costa de San Domingos
- Praza das Praterías
- Sala Agustín Magán
Rúa de Antonio Rama Seoane, 6
- SGAE
Rúa das Salvadas, 2



ESCANEA PARA
VISUALIZAR AS
LOCALIZACIÓNS
NO MAPA

Festival organizado pola cooperativa Performa coa colaboración de:

D.L.: C 794-2025

PLATAFORMA

GO

21-25 MAIO 2025

PROGRAMA [GALEGO]

Sábado 17 e domingo 18 de maio



Sábado 17 → 10.00-14.30 h / 16.00-19.30 h
Domingo 18 → 10.00-14.30 h
Fundación DIDAC
Luz infinda. Taller de performance
IMPARTIDO POR NEVES SEARA
15 prazas / Inscripción 50 €
50% de desconto para estudantes e persoas xubiladas ou desempregadas
Inscripción a través da páxina web plataforma.gal
Luz e sombra, poesía e corpo, presenza e ausencia; con estes conceptos, Neves Seara desenvolverá o seu taller performativo *Luz infinda*. Durante tres sesións, cada participante explorará a relación entre corpo e emoción, traducindo as súas vivencias en xogos de luces e sombras, conectándoos a textos poéticos compartidos. O resultado desta experiencia será unha performance que se presentará na Festa performativa a noite do 23 de maio na Galería Patio de luz entre as 21.30 e as 23.30 horas.

Sábado 24 de maio



11.00-12.30 h / Parque de Bonaval
Variacións para un mesmo obxecto (Isto non é un zapato)
Taller de performance para a infancia
IMPARTIDO POR ANA GESTO
De balde previa inscrición en plataforma.gal
O 25 de maio pola mañá, Plataforma convida á cativada de 6 a 12 anos, ao taller *Variacións para un mesmo obxecto (Isto non é un zapato)*. Durante a actividade, dirixida por Ana Gesto, os nenos e nenas entrarán en contacto co grande artista que todos levamos dentro, explorando a súa creatividade ao reinventar obxectos cotiáns. En concreto, o taller partirá duns zapatos, que cada un terá que traer dende a casa, para desenvolver unha actividade performativa na que se crearán divertidas e absurdas historias.

Plataforma. Festival de artes performativas naceu cun obxectivo: enriquecer e destacar a potencia cultural de Santiago de Compostela e toda a súa diversidade. Dende o seu nacemento en 2020, este obxectivo materializouse en cada edición, creando experiencias reais de comunicación entre o público e a cidade a través da arte. Cunha importante representación feminina e unha decidida aposta polo talento galego, Plataforma impúlsase ata a súa sexta edición, como un dos festivais de referencia da cidade e unha cita cultural imprescindible. *Plataforma. Festival de artes performativas* é un festival especial, cunha natureza híbrida e atrevida. Nel conflúen diferentes propostas atravesadas pola idea da performatividade, que poderemos gozar entre o 21 e o 25 de maio en distintos espazos culturais e nas rúas e prazas da cidade de Compostela. As actuacións que acolle *Plataforma. Festival de artes performativas* queren achegar a performance a todos os públicos, mostrando accións que habitualmente non teñen espazo nas programacións estables das institucións culturais.

A performance é un espazo de creación aberta no que domina a interacción e a comunicación co público. A súa característica principal é a necesidade de estar presentes para experimental, o seu carácter é efémero e irrepetible. O que sucede no espazo-tempo da performance é unha experiencia artística que nunca volverá ter lugar da mesma maneira. Deste espírito irrepetible e provocador nótrense as diferentes propostas de artes vivas deste festival. Plataforma Santiago será, durante uns días, punto de encontro de artistas, performers, músicos, actores, bailaríns, coreógrafos, e público participante, nunha experiencia compartida e de vangarda chea de posibilidades estimulantes. Plataforma converte Santiago de Compostela nun escenario vivo, no cal os propios habitantes, a súa diversidade e a súa rica contorna son protagonistas especiais, fomentando un espazo de igualdade e integración social e orientándose sempre á sustentabilidade das súas propostas en consonancia cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030.



Mércores 21 de maio




20.00 h / SGAE
CÍA. FURIA SOTELO Dirección: Ana Vallés
Sobre o extravió ou a arte de perderse
Danza / Entrada 8 €
Sobre o extravió ou a arte de perderse é un solo de danza interpretado pola bailarina e coreógrafa Nuria Sotelo baixo a dirección de Ana Vallés no que nos invitan a compartir unha viaxe a través do espazo interior e exterior dunha muller. Nesta peza o movemento, o texto, o espazo sonoro, o corpo e os obxectos, conxúganse para facernos espectadores e cómplices dunha maneira de construír(se), habitar, extraviarse e chegar a lugares non previstos.

Xoves 22 de maio



19.00 h / Praza de Praterías
ANDREA MOSQUERA E BENXAMÍN OTERO
Sinfonía dunha cidade-corpo
Performance / Estrea absoluta / Entrada libre
Sinfonía dunha cidade-corpo é o resultado da participación no programa de Residencias In Situ organizado por Performa grazas á colaboración da Deputación da Coruña e Fundación DIDAC en Santiago de Compostela. Durante varios meses Benxamín Otero e Andrea Mosquera crearon dous catálogos sonoros. Nun deles recompilaron sons cotiáns da cidade, aqueles que poderían ser de calquera outra parte, e tamén aqueles que a fan única. No outro, sons do corpo humano no seu interior ou durante a acción.

Venres 23 de maio



19.00 h / Sala Agustín Magán
VERA MANTERO E TERESA SILVA
Un pequeno exercicio de composición
Danza / Estrea en Galicia
Entrada libre ata completar aforo
Un pequeno exercicio de composición retoma un elemento escenográfico do espectáculo que reuniu anteriormente a Vera Mantero e Teresa Silva, dous aneis de ferro de dous metros de diámetro. Coa colaboración do deseñador e artista Santiago Tricot, este proxecto explora a relación entre forma e contido, entre sólido e aire, o cruzamento do corpo e a súa imaxe vinculados aos dous pesados aneis de ferro. Vera e Teresa practican o corpo, buscan relacións, sorpréndense do encontro, nunha especie de exercicio de asombro.



21.30-23.30 h / Patio de luz
NEVES SEARA E PARTICIPANTES NO TALLER
Festa performativa. Mostra de resultados do taller *Luz infinda*
Entrada libre
Nesta festa performativa poderemos gozar dos resultados do taller de performance *Luz infinda*. As participantes e a artista Neves Seara crearán para nós un xogo de luz no espazo da galería. Aproveitaremos para facer unha festa moi especial.

Sábado 24 de maio



Sábado 24
12.30 h / Fundación DIDAC
FRANCISCA AIRES MATEUS
LN Performance e inauguración da mostra Regarding Far Away Water Won't Save Closeby Fire
Entrada libre
Nun intento de magnificar os pequenos cambios que sofre o texto na tradución, Francisca Aires Mateus gravou varias historias chinesas antigas en cantonés, un chinés ancestral e vernáculo. Cada gravación foi despois cortada, separando as palabras que a artista volveu organizar segundo a súa sonoridade e ritmo. Ás 12.30 horas, antes da inauguración, terá lugar a performance titulada *Ln Performance* protagonizada pola propia artista.

Sábado 24 de maio



17.00 h / Vestíbulo do CGAC
ITSASO IRIBARREN E GERMÁN DE LA RIVA
In between
Performance
Estrea en Galicia / Entrada libre ata completar aforo
In between é unha acción na que Itsaso Iribarren e Germán de la Riva comparten unha serie de esculturas que evolucionan según pasa o tempo. A peza materialízase nun formato cambiante, iniciándose como unha instalación e derivando a unha peza grupal cunha dinámica lúdica de participación. Mutación, camiño, praxe ou límite son conceptos que sobrevoan esta proposta de contemplación e xogo.



18.00 h / Auditorio do CGAC
ITZIAR OKARIZ
Respiración oceánica
Performance / Coa colaboración de Izar Okáriz
Estrea en Galicia / Entrada libre ata completar aforo
Esta obra constrúese a partir dun coro de respiracións. *Ujjayi* é un tipo de respiración que se utiliza na práctica do ioga. O sentido da palabra é “eu vitorioso”, e normalmente tradúcese como respiración oceánica porque esa é a imaxe que evoca. A peza ten un carácter figurativo, entre o espazo abstracto do son da respiración e a imaxe que xera, coma se o signo e o sentido estivesen separados, fracturados.



19.00 h / Vestíbulo do CGAC
NOA E LARA CASTRO LEMA
Profecía do Gran Sol
Performance
Estrea absoluta / Entrada libre ata completar aforo
Profecía do Gran Sol toma como punto de partida un caladoiro no Atlántico Norte, o Gran Sol (chamado en francés *Grande Sole*, que significa “gran linguado”), onde o avó de Noa e Lara pasou a maior parte da súa vida faenando. *Profecía do Gran Sol* é un conto que reflexiona sobre a vida e a memoria, e sobre como o humano e o non humano están conectados a través do coidado, a violencia, o traballo e a morte.

Domingo 25 de maio



18.00 h / Casa das Máquinas
Danza-performance / Entrada ao programa dobre: 10 €
ALEJANDRA BALBOA E PAVEL AMÍLCAR
Cando lle permito ao corpo aquilo que digo
Alejandra Balboa e Pavel Amílcar entrelazan a danza contemporánea e a música barroca na súa proposta. *Cando lle permito ao corpo aquilo que digo* é unha perspectiva artística sobre o sentido do gusto e a influencia do concepto sánscrito do *rasa*. Sacando a lingua do sepulcro, contemplando a boca como un lugar dende o que florecer, abríndonos ás consecuencias, así nace este diálogo íntimo e crudo, alonxándose da palabra para atoparse coa vibración, co xugo e o soprido.



PAULA QUINTAS E ANA GESTO
Interconexións atlánticas
Estrea absoluta
Paula Quintas e Ana Gesto únense para conectarse a través deste proxecto no que se unen a danza, a performance, a escultura e a instalación. A materia coa que traballan é o cemento e o formigón, utilizando as cores flúor coma reivindicación dos límites e o dereito á beleza do marxinal. Bloques e bovedillas convertidas en obxectos escultóricos, mesturando a sensibilidade dos corpos coa rudeza dos materiais. Confrontando a liviandade dos movementos orgánicos coa mecanicidade dos pesos e das xeometrías. As rechamantes e vibrantes cores dotan a estes obxectos asociados ao urbano, dun compoñente lúdico que contrasta coa textura do cemento.